

**Concello de Lugo****MODELO 252****AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO  
PREVIA Á LICENZA URBANÍSTICA****PROCEDEMENTO  
Y022****DATOS DA PERSOA INTERESADA**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE/CIF:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE/CIF:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEREZO:		Canle de notificación:		<input type="checkbox"/> Telemática	<input type="checkbox"/> Postal
		Notifíquese a:		<input type="checkbox"/> Solicitante	<input type="checkbox"/> Representante
CONCELLO:	PROVINCIA:	CP:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:		

**DATOS DA CONSTRUCCIÓN OU INSTALACIÓN**

LOCALIZACIÓN:
REFERENCIA/S CATASTRAL/S:
DESCRICIÓN:

**AUTORIZACIÓN****SOLICITO autorización autonómica en solo rústico previa á licenza urbanística.**

A solicitude desta autorización non exime do deber de solicitar e obter licenza urbanística.

**TODOS OS CAMPOS DESTA INSTANCIA DEBERÁN SER CUBERTOS.****NOTA:** no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar.Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE**Ó SERVIZO DE LICENZAS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** Consultar na folia anexa a este impreso.

## INSTRUCCIÓN

1. DEBERANSE CUBRIR TODOS OS CAMPOS DA INSTANCIA E APORTAR A DOCUMENTACIÓN, RELACIONADA A CONTINUACIÓN, QUE SE REQUIRA SEGUNDO O CASO.
2. EN SOLO RÚSTICO E PARA OS USOS INDICADOS NO ARTIGO 36 DA LEI 2/16 DO SOLO DE GALICIA, É PREVIA E PRECEPTIVA A AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA, PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO HABILITANTE MUNICIPAL. A AUTORIZACIÓN SOLICITARASE ANTE O CONCELLO E OUTORGARASE POLO ÓRGANO AUTONÓMICO COMPETENTE EN MATERIA DE URBANISMO, DE CONFORMIDADE CO PROCEDIMENTO ESTABLECIDO NO ARTIGO 38, DA LEI 2/16 DO SOLO DE GALICIA E 56 DO DECRETO 143/2016 POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA LEI.

---

### DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR COA SOLICITUDE

#### 1.- DOCUMENTACIÓN XENÉRICA QUE TERÁ QUE SER PRESENTADA:

- No caso de actuar en representación achegará acreditación da mesma.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais. Para realizar a correspondente autoliquidación dos tributos deberá poñerse en contacto co Servizo de Facenda Local do Concello, presencialmente ou a través do correo electrónico [tasasobras@lugo.gal](mailto:tasasobras@lugo.gal).
- Anteproxecto técnico, redactado por persoal técnico competente, que conteña, como mínimo, a seguinte documentación:
  - 1.- Memoria descritiva e xustificativa do cumprimento do establecido na Lei do solo e no Decreto 143/16, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/16 do solo de Galicia e na que se recollan e especifiquen os seguintes aspectos:
    - a) Identificación e características esenciais da parcela e da súa contorna nun radio mínimo de 500 metros, que permita determinar con precisión a categoría de solo rústico que resulta de aplicación, de conformidade coa normativa e o planeamento vixente.
    - b) Descrición e características esenciais do uso solicitado e xustificación do seu encadre entre os usos, de conformidade co previsto no Decreto 143/16, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/16 do solo de Galicia, debendo ser obxecto de autorización, en concreto, os previstos nas letras n) e ñ) do artigo 50.1.
    - c) Xustificación da idoneidade da localización elixida e da imposibilidade ou inconveniencia de situar a edificación en solo urbano ou urbanizable coa cualificación idónea.
    - d) Descrición e características das obras necesarias para a execución, conservación e servizo das actividades pretendidas.
  - 2.- Planos de información e das construcións proxectadas, que deberán conter:
    - a) Plano de situación en relación co planeamento urbanístico vixente, obtido como copia do correspondente plano de clasificación do solo, sobre o cal se sinalará a situación da parcela e da edificación. O plano poderá ser solicitado á Oficina de Topografía do Servizo Municipal de Enxeñería, indicando a referencia catastral do ben afectado, presencialmente ou na dirección de correo electrónico [planosdesituacion@lugo.gal](mailto:planosdesituacion@lugo.gal).
    - b) Plano de localización, a escala mínima 1/5.000 que permita identificar suficientemente a parcela sobre a que se vai situar a edificación, as vías públicas de acceso, as edificacións e as características morfolóxicas do terreo e do medio circundante nun radio mínimo de 500 metros.
    - c) Plano acoutado da totalidade da parcela a escala mínima 1/500 que reflecta suficientemente a forma, dimensións, topografía e superficie do predio e os nomes das persoas propietarias lindeiras, e no cal se aprecien as edificacións existentes no interior da parcela, de ser o caso, a posición das vías públicas de acceso indicando o seu longo, a situación exacta da edificación solicitada, acoutando as dimensións de todas as edificacións existentes e proxectadas, a distancia a lindes e a eixes dos camiños, e a situación das instalacións a que fai referencia o artigo 59.a). Así mesmo, xustificarse que se está a respectar a

condición de manter o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o seu uso agrario, na proporción establecida no regulamento de desenvolvemento da Lei do solo.

- d) Planos de estado actual e modificado dos perfís do terreo e da parcela en que se aprecie se a localización e situación dos edificios é a máis axeitada para garantir o menor impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo, así como as medidas adoptadas para minimizar a incidencia das instalacións sobre o terreo, describindo e xustificando gráficamente os abancamentos e os acabamentos dos bancais.
- e) Planos acoutados de cada unha das plantas da edificación solicitada, incluída a de cubertas.
- f) Planos acoutados dos alzados e seccións significativas en que se reflectan as alturas das construcións, a escala adecuada para que se aprecien os tratamentos das cubertas e fachadas, a morfoloxía e tamaño dos ocos, as características estéticas e construtivas e os materiais e acabados exteriores, así como dos valados e peches previstos para o predio.

### 3.- Reportaxe fotográfica, na que se conteña:

- a) Fotografías tomadas dende o interior da parcela que, como mínimo, reflectan o existente aos catro ventos principais.
- b) Fotografías das edificacións tradicionais existentes na zona, nas que se poidan apreciar as súas características volumétricas, tipolóxicas e acabados.
- c) Fotografía da parcela tomada desde a vía á que dea fronte na que se reflecta o seu estado actual e o punto de acceso previsto.

- Certificación catastral, descritiva e gráfica da parcela que acredite a titularidade e superficie da mesma. No caso de que o solicitante non sexa a persoa propietaria poderá acreditar o seu dereito por calquera medio de proba admisible en dereito. No caso de imposibilidade de presentar a certificación catastral, achegarase documento emitido pola Xerencia do Catastro, no que se expresará o motivo desa imposibilidade, acompañado de medición realizada por técnico competente.
- Para os efectos de xustificar a superficie mínima de parcela, non será admisible a adscrición de varias parcelas independentes. No caso de existir varias parcelas lindeiras, será necesario achegar a escritura de agrupación destas.
- Para os efectos establecidos polo artigo 39.e) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, considérase suficiente achegar a certificación do Rexistro da Propiedade descritiva da parcela e na que conste o seu titular e o compromiso de facer constar no rexistro os extremos indicados en dito precepto legal. De non estar inscrita a parcela, a Consellería considerará suficiente achegar o título de propiedade e certificación do asento de presentación do documento polo cal se solicita a inmatriculación do predio.
- O documento no que se formalicen os compromisos da persoa interesada. O promotor da autorización debe asumir ao seu cargo exclusivo o compromiso de resolver os servizos necesarios e infraestruturas necesarias para a implantación da actividade solicitada, e debe prestar as garantías que lle sexan esixidas pola Administración.
- Xustificante do abono de taxas correspondentes, mediante impreso de autoliquidación establecido ao efecto pola consellería competente en materia de facenda, e debidamente cuberto pola entidade financeira colaboradora.

## 2.- DOCUMENTACIÓN ADICIONAL NO CASO DOS EXPEDIENTES DE AUTORIZACIÓN AUTÓNOMICA PARA EDIFICACIÓNS RESIDENCIAIS VINCULADAS A EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS:

- Informe ou memoria técnica sobre a explotación agropecuaria existente, elaborado por técnico competente, en que se describan as características esenciais da explotación, especificando cando menos a cantidade e tipo de cultivos producidos, o número de cabezas de gando, a maquinaria e ferramentas afectas á explotación, a man de obra asalariada ou non asalariada empregada na explotación, o tempo dedicado á actividade polo titular da explotación, e as demais circunstancias relevantes da explotación.
- Documento de inscrición da explotación no REAGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), da Consellería do Medio Rural, expedido polo órgano competente, ou rexistro equivalente en materia de explotacións agropecuarias.
- Informe da consellería competente por razón da materia, en relación coas características da explotación e a súa consideración para os efectos previstos no artigo 52.3.b) do Decreto 143/16 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/16.
- Certificado de estar dado de alta no réxime da Seguridade Social correspondente pola súa actividade agraria, cando menos, durante os tres anos anteriores.
- Informe de vida laboral, emitido polo órgano competente.
- Copias de declaración do imposto da renda das persoas físicas dos últimos tres anos, onde se especifiquen os rendementos por actividades económicas agropecuarias como a principal fonte de ingresos da persoa titular da explotación.

- Calquera outro medio de proba admitido en dereito que acredite a accesoriade e complementariedade da vivienda respecto da explotación agropecuaria existente.

-----

## **INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL**

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

### **RESPONSABLE DO TRATAMENTO:**

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

-Teléfono: 982 297 100

-Correo electrónico: [010@lugo.gal](mailto:010@lugo.gal)

-Contacto DPD: [dpd.lugo@seguridadinformacion.com](mailto:dpd.lugo@seguridadinformacion.com)

### **FINALIDADE:**

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o.

### **LEXITIMACIÓN:**

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

### **DESTINATARIOS:**

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

### **DEREITOS:**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).